

DENTRO E FÓRA

UN ACHEGAMENTO Á
REPRESENTACIÓN DO ESPAZO
NA PLÁSTICA GALEGA
CONTEMPORÁNEA



Do 21 de maio
ao 24 de outubro

.....

Pinacoteca
Fernández del Riego

CONCELLO
DE VIGO



DENTRO E FÓRA

UN ACHEGAMENTO Á REPRESENTACIÓN DO ESPAZO NA PLÁSTICA GALEGA CONTEMPORÁNEA

Miriam Elena Cortés López
Patricia Cupeiro López

.....
Comisarias da exposición



Feira
Manuel Colmeiro Guimarás
Óleo / lenzo. 1966
Colección Museo Municipal de Vigo
"Quiñones de León"

Dentro e Fóra. Un achegamento á representación do espazo na plástica galega contemporánea é unha reflexión sobre a arquitectura e o espazo a través dunha escolma de obra procedente das coleccións artísticas do Concello de Vigo. Nesta mostra, que recolle os traballos dun variado conxunto de artistas, os verdadeiros protagonistas son os elementos construídos en relación aos espazos que configuran e ás emocións que suscitan.

Unha viaxe debuxada na súa maior parte por mestres e mestras da pintura galega ao longo dos séculos XIX e XX, e representada mediante as paisaxes arquitectónicas da nosa terra xunto coa radiografía dos nosos fogares, facilmente recoñecíbeis, que non deixan indiferente ao espectador e que permiten apreciar e valorar as transformacións experimentadas ao longo do tempo. Neste percorrido haberá tempo para deterse en espazos identificábeis como a Praza da Constitución, achegándolle ás persoas visitantes unha das primeiras vistas parciais da cidade de Vigo, a que nos ofrece o inglés Joseph James Forrester. Tamén terán cabida as diferentes visións presentadas sobre espazos concretos como o Barrio do Berbés ao cal nos achegan as obras de Martínez Abades, Torras Martínez ou Dans Boado. Á empatía que nos xeran os espazos recoñecidos, convén engadir o sentimento melancólico que nos suxire a descrición de arquitecturas desaparecidas. Así aquelas que evocan o Castelo de Luna en Rianxo ou aqueloutras que como a fachada efémera do Cuartel de Artillería de Coruña foron deseñadas



Sono
Julia Minguillón Iglesias
Óleo / lenzo. Ca 1945
Colección Museo Municipal de Vigo
"Quiñones de León"

"(...) paisaxes arquitectónicas da nosa terra xunto coa radiografía dos nosos fogares"

para unha finalidade e momentos determinados. Noutras ocasións as arquitecturas ou contornas urbanas descoñecidas ou indefinidas serán o marco onde desenvolver accións, ou simplemente exercicios de perspectivas para reflexionar sobre o espazo deshabitado.

O percorrido comeza na planta baixa, onde don Francisco Fernández del Riego recibe ao público sentado nunha habitación con vistas a unha paisaxe ao lonxe da cal se pode ver unha casa. O retrato de Julia Minguillón dá paso ao discurso presentado nas seguintes tres salas nas que se reflexiona sobre os Elementos, os Recunchos e as Vistas. A arquitec-

tura e a contorna que lle corresponde ofrécense dende varios enfoques que van do elemental ao complexo. A obxectividade faise evidente na mera presentación de arcos, portas, fachadas, ventás, escaleiras, torres ou pontes, a partir das obras de Bóveda Gómez ou Bello Piñeiro. Similar é o caso dos edificios representados por Sobrino Buhigas e Rodríguez Vilar. Mención aparte merecen as visións sectoriais sobre contornas urbanas que de maneira maxistral recollen as obras de Montes Areas ou Otero Fernández. Finalmente é necesario deterse nas propostas máis xenéricas, pero non carentes de detalle, que presentan Pereira Borrajo ou a estampa reproducida por Evaristo Casariego sobre o Porto do Berbés. Tamén quedan recollidas as interpretacións de Dans Boado, Sevillano Estremera ou Frau Ruiz, que resultan máis persoais xa que empregan repertorios estilísticos libres, que saltan os canons clásicos de representación e que por iso precisan dunha maior implicación por parte das persoas, en busca de respostas para a súa correcta interpretación.

Ben sexa dende o simple trazo monocromo que caracteriza as técnicas do gravado e do debuxo, á pincelada vibrante do óleo, pasando pola delicadeza sutil da acuarela, todos estes artistas, homes e mulleres, foron capaces de reflectir co seu facer o valor universal da arquitectura. Empregando esquemas formais semellantes, as obras de Castelao, Manuel Torres ou Otero Fernández reforzan esa idea. Do mesmo xeito, existe unha tendencia por deixar constancia dos elementos concretos que caracterizan a idiosincrasia de cada pobo. No caso galego, as obras de Sobrino Buhigas, Rodríguez Vilar ou Castro Gil ilustran este desexo. E se tornamos ao contexto da arquitectura popular, os muíños, os hórreos ou os escenarios recreados por Maside trasladánnos a ese ámbito no que arquitectura e etnografía van da man,



(enriba)
O Berbés
María Antonia Dans Boado
Óleo / lenzo. 1975
Colección Museo Municipal de Vigo
"Quiñones de León"

(dereita)
Habitación dun vello mariño
Urbano LUGRÍS González
Óleo / táboa. 1946
Colección Museo Municipal de Vigo
"Quiñones de León"

onde ten cabida a figura humana. Figura que non só lle dá vida ao espazo arquitectónico senón que tamén permite introducirnos no concepto das arquitecturas habitadas, xerando diferentes dinámicas sociais. Xa sexa no contexto da casa tradicional, na praza do pobo ou no mercado municipal, de día ou de noite, as obras de Colmeiro, Torres Martínez, Caballero García ou Souto Feijóo fálannos de accións promovidas pola sociedade e dan sentido completo ao escenario arquitectónico no que se circunscriben.

Ademais achégannos a comportamentos, crenzas, operacións mercantís, festas e ocio. En todas elas o común denominador é a arquitectura que, na última parte dos espazos abertos adicados a esta mostra, novamente tórnase independente para evocar as visións de varias cidades e pobos, dende a perspectiva das vedute italianas, onde o perfil de cidades galegas como Santiago de Compostela conviven harmonicamente con aquelas outras que, como Anticoli ou



Ouro Preto, veñen da man de artistas autóctonos e autóctonas. Panoramas de urbes captadas baixo as técnicas do contra-picado e do picado —de abaixo arriba e de arriba abaixo—, dun xeito obxectivo ou interpretadas baixo o estilo persoal de cada un dos autores e das autoras. Imaxes que agochan tempos pasados para recordar, momentos xa vividos, transformados pero aínda vivos na memoria colectiva.

Continuamos o relato no primeiro andar, con 3 novos bloques temáticos adicados á reflexión en torno á arquitectura interior: o dobre espazo de Dinámicas Internas, Recunchos do Fogar, e Relatos do Íntimo e Diálogos Abertos.

Detémonos inicialmente nas Dinámicas Internas. Por unha banda, amosamos o contraste entre o baleiro e a aparición de figuración. Nesta primeira sala, non obstante xa aparece algunha obra figurativa, a sinerxía constante e común é o silencio. Silencio reflectido de xeito sinestésico na pintura, recalando en sensacións internas de recollemento, quietude, reflexión, intimidade, inspiración, anhelo, espiritualidade...

A mesa de pintar, de Fuente Alonso, é a obra encargada de dar a benvida á zona adicada ao deseño interior como unha declaración de intencións: imos observar a través de diversas técnicas, traballos de artistas que desenvolven nos seus obradoiros para traducir a un espazo bidimensional a complexa construción da tridimensionalidade dos ambientes privados. A monumentalidade dalgunhas obras coma a arquitectura pintada por Somoza contrasta coa austeridade da cela de Corredoira, lugares non identificados e atemporais, onde o interese radica nos propios elementos arquitectónicos que conforman o esqueleto interno das estancias. Canda elas, podemos observar como aflora timidamente a figuración, de novo silente, na quietude, case mimética co ambiente. A vida contemplativa aparece na obra de Mario Granell e, oposta a ela, o ámbito familiar no caso de Sucasas. O traballo de Seoane destaca a realidade da emigración nos fogares galegos pero tamén ofrece xunto a Castillo Casalderey, en termos espaciais, a representación mínima a través da simplicidade da liña.

Por outra banda, na sala lindeira, podemos observar ambientes repletos de actividade. Trátase de lugares cunha finalidade

“(...) para traducir a un espazo bidimensional a complexa construción da tridimensionalidade dos ambientes privados”

pública e vocación social, unha particularidade case contradictoria coa idea de ser recintos pechados ao exterior. Deste xeito podemos falar da confluencia público-privada, de interiores abertos á cidadanía, xa sexa polo establecemento de relacións laborais como polo desenvolvemento dalgunha práctica de lecer froito das conquistas dos traballadores no eido contemporáneo. Atopamos certas convivencias, puntos de encontro ben sexa no traballo (Colmeiro, Suárez-Llanos ou a reprodución de diversos gravados) ou na distracción das tarefas cotiás. E é por iso que aquí ocupan un lugar destacado as tabernas galegas: dende Castelao a Pesqueira, moitos son os artistas galegos que reproducen este tipo de ambientes de confraternidade e distracción ata ser incluso mitificados coa linguaxe contemporánea de Castro Couso.

A continuación facemos unha transición do xeral ao particular. Achegarémonos ao interior dos fogares e a algúns recunchos con funcións derivadas do devir decotío. Trátase de ambientes recoñecíbeis polos elementos que os identifican, como o mobiliario ou as personaxes que os habitan, que poden aparecer na composición ou simplemente no concepto. Un exemplo é a lareira, núcleo da vivenda tradicional galega, representada en dúas pezas. A obra de Abelenda, de feito, preséntase coma un eco da sala anterior pois neste caso trátase dunha taberna de aldea que nos serve para ilustrar o lume do fogar, a hospitalidade dun espazo enxebre que pode incluso semellar ser unha casa aínda que, de feito, non o é.

De contado, toparémonos co interior das nosas vivendas reflectidas no relato da mostra: cuartos, estudos, dormitorios e ata un universo de obxectos nos que poder deternos

indefinidamente coma sucede coa magnífica obra de Lugrís. Todo isto xunto coa representación dun xénero pictórico, o bodegón, que pertence exclusivamente ao ambiente interior. Novamente, a diversidade estilística (Virxilio, Vidal Souto, Pulido, Xosé Guillermo...) permítenos reinterpretar o espazo cotián dende diferentes sensibilidades.

E por último, rematamos co relato do íntimo cun final aberto na última parte da exposición. Resulta interesante resaltar a presenza da figura feminina nos ambientes interiores no que atinxe ao século pasado. E sen embargo, atopamos menos nomes de mulleres artistas na nosa escolma aínda que moitas das obras que mostramos dan sobrada testemuña da súa relevancia no discurso expositivo. Propoñemos unha relectura dos ambientes considerados femininos, nos que a muller aparece paradoxalmente como unha protagonista residual ou casual, retratada en actitudes diversas, pasivas ou activas. O século pasado supón un punto de inflexión e a muller conquista timidamente espazos tradicionalmente atribuídos aos homes, ofrecendo outro tipo de sensibilidades en torno á interpretación da súa propia imaxe. A obra de Julia Minguillón, por exemplo, é capaz de achegarnos unha representación da maternidade tan sinxela como emocionante, sen artificios. E sempre no espazo interior, apenas intuído desta volta pola presenza dunha parede e unha cadeira. En contraposición aos ambientes de carácter puramente íntimo, propoñemos aquelas obras nas que apreciamos as inquietudes artísticas das mulleres coas obras de Díaz Pardo ou Torras. Precisamente na obra de Torras aparece a súa musa María Jesús Incera en actitude activa, collendo os pinceis.

Para concluír, queremos deixar un final aberto a través das simboloxía das fiestras, ás veces portadoras de melancolía, de tempos pasados, de desacougos e outras portadoras de futuros horizontes, de paisaxes novas, de anhelos cumpridos, de boas noticias. Rematamos co cadro de Rogelio Puente que pon imaxe a esta exposición, unha peza que non pode ser máis elocuente e evocadora. Capaz de sacarnos dun só ollar todo o que temos agochado dentro cara a fóra.

Recordo dun verán
Rogelio Puente Díaz de la Rocha
Óleo / lenzo. 1984
Colección Museo Municipal de Vigo
"Quiñones de León"



DENTRO E FÓRA

UN ACHEGAMENTO Á REPRESENTACIÓN DO ESPAZO
NA PLÁSTICA GALEGA CONTEMPORÁNEA



Pinacoteca Fernández del Riego

Abeleira Menéndez, 8. Vigo

Do 21 de maio ao 24 de outubro de 2021

Martes a venres: de 18:00 a 21:00 h

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h

Luns pechados (incluídos festivos)



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Pinacoteca Fernández del Riego

**CONCELLO
DE VIGO**

